

OBRIGAS EN MATERIA LABORAL

Coa finalidade de evitar sancións innecesarias, pasamos a comunicarlle certas obrigas que debe cumprir a súa empresa dende o momento que ten alomenos un traballador por conta allea ou asalariado, en virtude do establecido na lexislación laboral vixente e no convenio colectivo de aplicación, sobre as seguintes cuestións:

I.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A empresa está obrigada a contratar a prevención de riscos laborais dos seus centros de traballo, con independencia do tamaño desta, da actividade que desenrola ou dos riscos que xenere, a cal pode ser realizada por empresas privadas adicadas a xestión da prevención.

II.- SEGURO DE CONVENIO

Si o convenio colectivo da aplicación a súa actividade así o indica, a empresa terá que obrigatoriamente suscribir unha póliza colectiva dos seus traballadores no caso de morte, incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez derivados de accidente ou enfermidade.

III.- RECOÑECIMENTO MÉDICO

A empresa está obrigada a facilitar a realización dun recoñecemento médico os seus traballadores, en función dos riscos inherentes o traballo, o comezo da relación laboral e o menos unha vez o ano, ou ben ter unha RENUNCIA POR ESCRITO por parte do traballador a súa realización

IV.- REXISTRO DE HORAS

A empresa ten a obriga de rexistrar a xornada diaria dos seus empregados, tanto si se trata de traballadores a tempo completo como a tempo parcial, que deberá incluír o horario concreto de inicio e de finalización da xornada de traballo de cada persoa traballadora, sen perxuício da flexibilidade horaria que poda establecerse.

Este rexistro deberá conservarse durante un plazo de 4 anos e permanecerá a disposición das persoas traballadoras, dos seus representantes sindicais e da Inspección de Traballo.

V. REXISTRO RETRIBUTIVO

Tódalas empresas, con independencia do número de persoas traballadoras, están obrigadas a levar anualmente un rexistro salarial desagregado por xénero e categoría profesional a partir do 14 de abril de 2021, todo elo a efectos de dar cumprimento co establecido no Real Decreto 902/2020 para faguer efectivo o dereito á igualdade de trato e a non discriminación entre mulleres e homes en materia retributiva.

Asimesmo, as empresas que teñan a obriga de ter un plan de igualdade (empresas con 50 traballadores dende marzo do 2022), deberán elaborar igualmente unha auditoria retributiva que deberá permitir definir as necesidades para evitar, corrixi-lo e previr os obstáculos e dificultades existentes ou que poidesen producirse en aras a garantir a igualdade retributiva, e asegurar a transparencia e o seguimento do devandito sistema retributivo.

VI. DIETAS E RETRIBUCIONS

Se nas retribucións dos seus traballadores van incluídas dietas, éstas deben estar motivadas e debidamente xustificadas, xa que aínda que as nóminas inclúan o concepto de DIETAS, ante unha inspección de Traballo ou Facenda a empresa non queda liberada de ter que xustificar que son reais, acreditando o día e lugar do desprazamento, así como a súa razón ou motivo.

VII.- FORMACION COVID

Os traballadores de tódalas empresas e de tódalas actividades deben coñecer os riscos da transmisión do COVID, así como os riscos deste no seu posto de traballo, polo que dita formación é obrigatoria segundo o Real Decreto Lei 21/2020, de medidas de prevención e hixiene fronte a crisis sanitaria ocasionada pola Covid-19.

VIII.- SECTOR HOSTALERIA

Se a súa empresa pertence o sector da hostalería debe cumprir unhas obrigas en materia de hixiene alimentaria como son: contar co certificado de manipulador de alimentos, formación en alérxenos, e en seguridade alimentaria e APPCC.

IX.- TABOLEIRO DE ANUNCIOS

A empresa ten a obriga de insertar no taboleiro de anuncios ou no medio habilitado para os seus efectos, a relación nominas dos traballadores do último mes, o cadro de vacacións, xunto co calendario laboral e o cadro horario.

Se desexa máis información o respecto ou necesita faguer calquera consulta sobre os puntos incluídos na mesma, non dubide en contactar co departamento laboral.

Mais información en www.bieito.com

Conforme:

Asdo.: O cliente